



As abellas do mel non son as únicas que están en perigo

Un grupo de máis de 30 científicos reunidos en Vigo aseguran que outras poboacións de abellas silvestres “ teñen un futuro máis incerto”.

Por Galicia Confidencial | | 02/03/2016 | Actualizada ás 21:00



“O problema do declive das abellas non afecta unicamente ás do mel e reducilo a esta especie fai que o deterioro da situación dunha gran diversidade de abellas silvestres pase inadvertido”. Con esta contundencia maniféstanse os máis de 30 científicos e científicas do grupo de traballo Ecoflor sobre ecoloxía e evolución floral da Asociación Española de Ecología Terrestre, AEET, que nun artigo publicado na revista Quercus advirten do problema que supón reducir o declive das abellas a unha sola especie. Luis Navarro e Ángel Vale membros do Grupo de Ecoloxía e Evolución das Plantas, son os representantes da Universidade de Vigo na asociación, que sinala que as maioría das abellas que están en perigo non contribúen a polinizar cultivos e tan só unhas poucas especies, as máis resistentes, son quen de prosperar en zonas agrícolas debido ao forte impacto humano.



Andrena agilissima, un tipo de abella silvestre | [Fonte](#): Uvigo

Desde [Ecoflor](#) lembran que España e en toda a conca do Mediterráneo hai máis de 1000 tipos de especies, moitas delas endémicas, polo que cómpre abordar este problema desde un contexto máis amplo e non como un problema que só afecta á abella do mel e á produción agrícola. “Si queremos optimizar a produción de froitos necesitaremos que exista unha certa diversidade de especies, xa que, por exemplo, a abella do mel non é boa polinizadora de cultivos como o tomate”, explican os e as investigadores, que sinalan que, pese a que a mortalidade destas abellas aumentou de xeito preocupante, o seu número a escala mundial é estable ou está a medrar, debido ao aumento da actividade apícola. Fronte a esta situación, sinalan que outras poboacións de abellas silvestres si que teñen un futuro máis incerto e apuntan, que ante os cambios introducidos polo home, moitas das especies “perdedoras” quedarán reducidas a pequenas poboacións o incluso extinguiranse.

Nin unha soa causa, nin unha soa solución

Para os integrantes de Ecoflor o problema máis evidente é a destrución do hábitat e neste sentido apuntan a que máis dun 40% da superficie terrestre atópase modificada directamente pola acción do ser humano e moitas das abellas silvestres non poden obter recursos ou se ven negativamente afectadas polo grao de modificación destes. O uso de

insecticidas, herbicidas e a introdución de especies exóticas, son outros problemas que apuntan os investigadores e investigadoras, que tamén sinalan que o cambio climático “está provocar que algunhas especies de abellas empezasen a migrar en altura ou latitude cando a temperatura non é axeitada para o seu desenvolvemento”, apuntan. Así mesmo, instan a regular a apicultura, especialmente nos espazos protexidos, xa que “desgraciadamente a abella do mel e o seu aproveitamento no é unha actividade amigable co medio ambiente, porque convertida nunha industria, leva consigo custos ambientais que cada vez son máis evidentes”.

Os e as autoras do artigo formulan varias solucións ao problema como a implementación de mellores prácticas apícolas, regular o transporte e alimentación, coñecer a epidemioloxía das enfermidades e a interacción cos plaguicidas aos que están expostas. Propoñen que para conservar as abellas silvestres raras e ameazadas cómpre conservar os seus hábitats e as plantas das que dependen, así como reducir o uso de plaguicidas, a creación de paisaxes máis heteroxéneos, campos de cultivo máis pequenos e máis elementos semi-naturais como bandas florais ou “malas herbas”.



¿Gústache esta noticia?

Colabora para que sexan moitas máis activando GCplus

+ Que é **GC plus?**

Achegas

PayPal

VISA

Comenta

Texto

GC TV

- "Isto non é o comezo dunha película de terror, isto é a realidade", o vídeo contra a mina de Touro-O Pino
- O galego Roi, de 'Operación Triunfo', o 'influencer' con máis 'engagement' en España
-

Grixoa: vivir ao pé do lixo

- Continúan as protestas no hospital de Monforte
- "O cobre e os cartos lévanos eles e a merda da contaminación quédanos para toda a vida"
- O espectáculo dos golfiños na ría de Vigo, a vista de dron

+lidas

+comentadas

comentarios

- Unha parroquia de Mesía de 140 habitantes...
- A enemistade entre o propietario da...
- O "lapsus" de Pablo Iglesias esquecendo a...
- IU e Podemos dan por finiquitado o...
- A galega Nadia Calviño, nova ministra de...
- Feijóo reafirma o seu "apoio" a Rajoy ...



□ GC 2018

Séguenos



Quen somos

RSS

Legal

Política de cookies

Achegas

Publicidade



Seguir a @gconfidencial

21,6 mil seguidores



GC está baixo licenza Creative Commons Recoñecemento-NonComercial-CompartirIguual 4.0 .